



NO
NADAL
HAI MIL COUSAS
QUE PODES PEDIR AOS
REIS MAGOS OU A PAPÁ NOEL
E ...MOI BOAS RAZÓNS PARA
QUE SEXA
UN
LI
BRO.



BIBLIOTECA CEIP O RAMO



Que lle ides pedir aos Reis?



**CASCABEL QUERE AXUDARVOS
A FACER A CARTA**



**EDUCACIÓN PRIMARIA
1º CICLO**




Leocadio, o león. Oli. Ed. Xerais.



"Leocadio, o león", aborda temas como a amizade, o respecto da diferenza e o valor dos sonhos e a fantasía como motores da convivencia no mundo.

O Apalpador. Xoán G. Ed. Biblos. Cesto



Con este libro preténdese dar a coñecer ao Apalpador, un personaxe mítico galego que baixa polo Nadal a levarlles agasallos aos nenos. Cando están durmidos, entra nos seus cuartos a apalparlles a barriguiña, para ver se están ben mantidos, e déixalles una presa de castañas.

Onde viven os monstros. Maurice Sendak. Ed. Kalandraka.



Conta as aventuras de Max, un neno que tras ser enviado á súa habitación por comportarse mal, imaxina que navega lonxe ao país onde viven os monstros.

Max encariñase das criaturas que o proclaman o seu rei.

Os de arriba e os de abaixo. Paloma Valdivia. Ed. Kalandraka.



Parte da concepción do mundo ao revés, dunha especie de reflexo da realidade nunha dimensión paralela. Lonxe de imaxinar que practican estilos de vida diferentes ou antagónicos, o plantexamento consiste en que son mundos que conviven, comparten costumes e se complementan..

No cubil da lúa. Xoán Neira. Baía Ed.



14 poemas que achegan aos nen@s 14 animais que viven en liberdade baixo o amparo da lúa, descritos con fermosas e evocadoras figuras que describen poeticamente os seus singulares trazos.

Cantas pingas na cidade! Eva Montanari. Ed. OQO.



Despois dun longo sono, espertan e senten curiosidade polo que hai abaixo na cidade. Lánzanse desde as nubes, comezan a caer: unha, dúas, tres...

E COMA NON NOS ESQUECEMOS DE NINGUÉN

AHÍ VOS VAN ALGUNHAS SUXERENCIAS PARA

PAIS, AVÓS, TÍOS...




Contra el viento. Ángeles Caso. Ed. Planeta.



Premio Planeta 2009.

Narra a historia dunha rapaza de Cabo Verde que, despois de moitos infortunios, emigra a Europa, onde, primeiro en Portugal e logo en España, a vida non deixa de maltratala. É unha novela chea de sensibilidade para lectores ávidos de aventura e emoción.

A praia dos afogados. Domingo Villar. Ed. Galaxia.



Esta apaixonante novela de intriga, mergulla ao lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo.

O curioso incidente do can á media noite. Mark Haddon. Ed. Rinoceronte.



Christopher é un experto en ciencias e matemáticas, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas. Unha noite atopa ao can da veciña, atravesado por unha forza de xardín, e decide comezar unha investigación para descubrir o asasino. Mentres leva a cabo as súas pescudas, cuestionará a lóxica do mundo que o rodea e desvelará certos misterios que van alterar a súa vida metódica e ordenada.